

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 30 de abril de 2019, realizou entre outras, as seguintes actuacións:**

## **2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

### **a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da sala de lectura-biblioteca de Navia (20.266-240) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 24 de abril de 2019, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a CRITERIO EQUIPAMIENTO E INSTALACIONES, S.L. para que puidese emendar a documentación persoal. (achegar DEUC, Anexo VI e oferta económica asinada dixitalmente).

O citado licitador presentou a documentación dentro do prazo concedido.

Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a CRITERIO EQUIPAMIENTO E INSTALACIONES, S.L. por ter emendado a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos. Se ben non achegan o anexo VI referido ao grupo de empresas, ao terse presentado polos demais licitadores indicando que non pertencen a un grupo ou ben que si pertencen pero non concorren a esta licitación, enténdese que neste procedemento non hai grupos de empresas.

## **4.- Apertura económica**

### **a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da sala de lectura-biblioteca de Navia (20.266-240)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	<b>Licitador</b>	<b>Prezo do contrato</b>
1	SPIRAL CONTRACT, S.L.	56.937,76 €
2	SOLIDA SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	53.880,09 €
3	CRITERIO EQUIPAMIENTO E INSTALACIONES, S.L.	51.565,12 €
4	KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.	41.681,02 €

Non asiste público á apertura.



En cumprimento do previsto no apartado 7B do Anexo I (FEC) do PCAP (“Para valorar este criterio as ofertas ordenaranse por orde ascendente de menor a maior prezo, resultando primeira clasificada a que oferte unha maior redución do prezo do contrato”), a Mesa ordena as ofertas de menor a maior prezo, co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo do contrato
1	KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.	41.681,02 €
2	CRITERIO EQUIPAMIENTO INSTALACIONES, S.L.	E 51.565,12 €
3	SOLIDA SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	53.880,09 €
4	SPIRAL CONTRACT, S.L.	56.937,76 €

## 9.- Propostas de clasificación/clasificación

### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da sala de lectura-biblioteca de Navia (20.266-240)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da sala de lectura-biblioteca de Navia (20.266-240) na seguinte orde descendente:


	Licitador	Prezo do contrato
1	KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.	41.681,02 €
2	CRITERIO EQUIPAMIENTO INSTALACIONES, S.L.	E 51.565,12 €
3	SOLIDA SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	53.880,09 €
4	SPIRAL CONTRACT, S.L.	56.937,76 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2019 13:07	Páxina 2 de 3
	Expediente 20266/240	CSV: 2EEAC1-ACE78D-3E872B-YM1AU2-ZEGMS3-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

[https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?  
lang=gal](https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/05/2019 13:07

Páxina 3 de 3

Expediente 20266/240

CSV: 2EEAC1-ACE78D-3E872B-YM1AU2-ZEGMS3-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>